

**PROGRAMA ESPECIALIZADO DE FORMACIÓN XERENCIAL**  
**MÓDULO 1: Ferramentas e canais dixitais para impulsar as vendas**  
 [ En colaboración coa Rede Eusumo ]

DATAS REALIZACIÓN	16-30/03/2021	DURACIÓN	15 horas
HORARIO	Celebraranse tres sesións virtuais de aprendizaxe os días 16, 23 e 30 de marzo. Informarase con antelación da data das mesmas e do horario de atención da persoa titora.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop   <a href="http://aulaespazocoop.com">http://aulaespazocoop.com</a>		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

**PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ**

**OBXECTIVOS**

- Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e capacitación para a dirección e xerencia das cooperativas.
- Mellorar a situación dos procedementos e sistemas de dirección empresarial das cooperativas, mediante operativas adaptadas ao modelo.
- Divulgar boas prácticas, ferramentas e habilidades que permitan a mellora dos seus procedementos de xestión e sistemas de dirección .
- Potenciar o coñecemento mutuo e intercambio de experiencias das cooperativas participantes que permitan establecer alianzas futuras.

**PROGRAMA E CONTIDOS**

1. TRANSFORMACIÓN DIXITAL DOS MODELOS DE NEGOCIO	2. MARKETING E COMUNICACIÓN DIXITAL
1.1 Transformación dixital da empresa	2.1 Plan de marketing dixital
1.2 Growth mindset	2.2 Social Media Marketing
1.3 Experiencia de cliente	2.3 Reputación en liña da empresa
1.4 O cliente dixital	2.4 Captar potenciais clientes por email
1.5 Modelos de negocio dixitais	2.5 Mellora a túa forma de comunicar
3. PROCESOS DE VENDA NA ERA DIXITAL	4. FERRAMENTAS DIXITAIS
3.1 O novo proceso de venda	4.1 Organízate con un CRM
3.2 Vendas outbound	4.2 Elaboración de propostas e orzamentos con Microsoft 365
3.3 Social selling	4.3 Traballo remoto con Teams
3.4 Habilidades de venda	4.4 E-commerce
5. VENDA EN COOPERATIVAS	
5.1 Sesión aula virtual: exposición dos casos reais do alumnado e revisión de folla de ruta para iniciar vendas en entornos dixitais para as súas empresas	

**METODOLOXÍA**

Na modalidade de teleformación, o tempo de estudo ten diferentes obxectivos: hai unhas horas que son as sesións virtuais de aprendizaxe, outras horas que serán as que o alumnado utilice para os contidos que estarán na plataforma: estudar materiais, revisar webgrafía, visionar os vídeos, un tempo para a participación nos foros, titoría coa docente e, finalmente, un tempo para a avaliación.

Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

**PROCEDEMENTO DE MATRÍCULA**

Cubre e envía o formulario de inscrición. Recibirás a confirmación da inscrición. Fai o ingreso da cota de matrícula que corresponda segundo a túa situación (información + abaixo) e envía o xustificante. Recibirás a confirmación da túa praza: Nos días previos ao inicio do curso recibirás unha mensaxe de correo electrónico co enderezo e claves de acceso ao curso.

**COTA DE MATRÍCULA:**

- Cooperativas socias de EspazoCoop, e cooperativas en proceso de constitución -acompañadas por EspazoCoop e con compromiso de asociarse: 25€ por persoa
- Cooperativas non socias e outras entidades da Economía Social vinculadas ás organizacións do FOROESGAL e / ou REAS Galicia: 50 € por persoa
- Persoas interesadas non pertencentes a entidades anteriormente indicadas: 100 € por persoa

**PAGO MATRÍCULA:** a ingresar na conta bancaria ES10 3070 0035 2060 2721 0522.

**ENVÍO DE XUSTIFICANTE DE INGRESO DA COTA:** ao email: patane@espazo.coop (Patane García Méndez)

## DIRIXIDO A

Con preferencia a persoas socias pertencentes aos equipos directivos, persoas que formen parte do Consello Reitor, e socias e asalariadas con responsabilidades de departamento ou area, de cooperativas. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 15.



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2021 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.